

Muiños do mundo



índice

Introducción	4
Que é un muíño de vento?	5
Que é un aeroxerador?	6
Clasificación.	7
Muíños do Mundo.	11
Muíño de Herón de Alexandría	12
Muíño Persa	13
Muíño de Torre de Francia	14
Muíño de Abano de Pas	15
Muíño de Pas de Resorte	16
Muíño de Holanda	17
Muíño de Catoira	18
Muíño Multipá	19
Turbina de Brush	20
Turbina La Cour	21
Aeroxerador Savonius.	22
Aeroxerador Darrieus	23
Aeroxerador a Sotavento	24
Turbina de Smidth.	25
Turbina de Gedser	26
Turbina de Nibe.	27
Aeroxerador Tvind	28
Aeroxerador Awec – 60.	29
Aeroxerador Wind Matic.	30
Aeroxerador de Traslación	31
Aeroxerador Mariño	32
Aeroxerador Multimegawatt	33
Bibliografía	34

introdución

Dende a revolución industrial, o modelo enerxético elixido pola humanidade caracterizouse por un uso insostible dos recursos enerxéticos que están a provocar importantes problemas ambientais.

Actualmente asistimos a un rexurdimento significativo do emprego das “fontes tradicionais de enerxía”. A biomasa, o Sol e sobre todo o vento, comezan a ter relevancia nos balances enerxéticos do noso país.

Dende a Fundación Sotavento Galicia, achegamos este documento conscientes da necesidade desta visión retrospectiva do aproveitamento enerxético de cara a conseguir un desenvolvemento sustentable. Tamén, coñecedores da gran relación existente entre o pasado e o presente do uso do vento con fins enerxéticos. Así, dun xeito sinxelo, esta publicación recolle unha pequena recompilación dos muíños que consideramos máis significativos ao longo da historia e que fixeron posible a actual transformación da forza do vento en electricidade.

A publicación pretende amosar, dun xeito divulgativo, as principais características e evolución do funcionamento das máquinas eólicas dende a antigüidade ata os nosos días, e tamén, axudarnos a tomar conciencia da enorme capacidade humana para medrar tecnoloxicamente en períodos relativamente curtos de tempo.